

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

ÁMBITO LINGÜÍSTICO E SOCIAL

PMAR 1

Curso 2019-2020

ÍNDICE

Páx.

ÍNDICE	2
INTRODUCCIÓN	2
OBXECTIVOS.....	3
LIBRO DE TEXTO.....	6
TEMPORALIZACIÓN.....	6
ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS	7
CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.....	9
CONTRIBUCIÓN Ó LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE	13
GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA	18
PLAN LECTOR	19
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS UTILIZABLES	19
PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN	21
CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.....	26
INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	27
ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	29
DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS	30
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	31
O TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS	33
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	33
MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.....	34

INTRODUCCIÓN

Os denominados Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR) constitúen unha importante medida de atención á diversidade que pode aplicarse a partir de 2º curso da ESO. Están destinados

ó alumnado con dificultades de aprendizaxe non causadas por falta de estudo ou traballo e coa finalidade de que poidan cursar 4º curso de ESO pola vía «ordinaria» e acadar o título de graduado en ESO.

Están regulados polo artigo 27 da *Ley Orgánica 8/2013 para la mejora de la calidad educativa (LOMCE)* e polo artigo 20 do Decreto 86/1015 de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade autónoma de Galicia.

Unha das características destes programas é o intento de superación da fragmentación disciplinar dos coñecementos científicos. O Ámbito lingüístico e social tende a ser un espazo circular ó redor do que se poden articular as aprendizaxes en relación coa área de Lingua castelá e Literatura, Lingua galega e Literatura, Ciencias sociais Xeografía e Historia, para acadar a transversalidade.

No noso IES contamos cun PMAR 1 (2º ESO) e un PMAR 2 (3º ESO).

Do Ámbito lingüístico e social está a cargo en PMAR 1 a profesora do Departamento de Xeografía e Historia Dona Laura Pampín ; do PMAR 2 a profesora de Lingua galega e Literatura, dona Montserrat Alonso Lorenzo.

ÁMBITO LINGÜÍSTICO E SOCIAL PMAR 1 (2º ESO)

PROGRAMACIÓN DO ÁMBITO LINGÜÍSTICO E SOCIAL DO PROGRAMA DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO

Obxectivos

BLOQUE LINGÜÍSTICO: COMUNICACIÓN, LINGUA GALEGA, LINGUA CASTELÁ

1. Ler e comprender o sentido global dun texto para extraer información relevante e distinguir tipoloxías a partir da intención comunicativa.
2. Producir textos orais ou escritos desenvolvendo a imaxinación, achegando a opinión propia, dando interpretacións persoais e plasmando experiencias persoais e sentimentos.
3. escoitar activamente.
4. Comprender a necesidade de comunicación e coñecer todos os elementos que interveñen na comunicación verbal e non verbal, a intención comunicativa e os tipos de textos que de aí derivan.
5. Recoñecer a intención comunicativa da narración, do diálogo, da descrición, da exposición e da argumentación en textos de ámbito familiar, social, académico, publicitario, xornalístico e literario,

os seus elementos, as súas partes, os seus trazos lingüísticos, e aprender a preparar textos.

6. Observar e recoñecer as categorías gramaticais: o substantivo, o adxectivo, o determinante, o pronome, o verbo, o adverbio, as preposicións, as conxuncións, as interxeccións e algunhas locucións, e diferenciar os seus usos e valores en textos dados.
7. Coñecer as distintas clases de sintagmas e os seus constituíntes, para crear oracións e recoñecer nestas o suxeito, o predicado, os casos de impersonalidade e os valores semánticos que as dotan de coherencia.
8. Recoñecer a existencia de dous predicados nunha oración composta coordinada, xustaposta e subordinada, e identificar a existencia ou non de nexos que os unen.
9. Coñecer o concepto de texto como unidade lingüística, valorar a importancia que adquire o contexto e a intención comunicativa para captar o seu sentido, e comprender a necesidade da súa coherencia, cohesión e adecuación.
10. Utilizar o dicionario.
11. Descubrir a orixe das palabras, a creación de palabras novas, a súa formación e as relacións de significado que manteñen con outras palabras.
12. Coñecer as diferentes linguas que se falan na Península ibérica, valorar a riqueza e a pluralidade lingüística como patrimonio cultural, así como as diferentes variedades que presenta o uso dunha lingua. Coñecer a diferenza entre linguas minoritarias e linguas minorizadas.
13. Valorar a correcta ortografía na produción escrita a partir do coñecemento das regras básicas e a súa posterior aplicación.

BLOQUE LITERARIO: LITERATURAS GALEGA E CASTELÁ

1. Valorar a expresión literaria fronte á común, o coñecemento do contexto para interpretar un texto literario e o patrimonio cultural que a literatura achega.
2. Coñecer os xéneros literarios (narrativo, lírico e dramático) e identificar os seus trazos diferenciadores en textos dados para interpretalos correctamente.
3. Desenvolver a capacidade creativa literaria favorecendo o desenvolvemento da imaxinación, da autonomía e da iniciativa persoal.
4. Facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e do coñecemento do mundo, e consolidar hábitos lectores.

BLOQUE DAS CIENCIAS SOCIAIS: XEOGRAFÍA, HISTORIA

Xeografía

1. Explicar as características da poboación europea.
2. Comparar a poboación de diferentes países europeos segundo a súa distribución, evolución e dinámica.
3. Diferenciar os distintos sectores económicos europeos.
4. Comparar paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica e clasificalas a partir de imaxes.
5. Distinguir no mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas.
6. Explicar a pirámide de poboación española e das diferentes comunidades autónomas, con especial atención á poboación galega.
7. Analizar en distintos medios os movementos migratorios das últimas décadas en España e en Galicia.
8. Interpretar textos que expliquen as características das cidades españolas utilizando Internet e outros medios.
9. Distinguir os diferentes tipos de cidades europeas.
10. Resumir as diferenzas entre o urbano e o rural en Europa.
11. Situar os espazos naturais españois nun mapa e explicar a situación dalgúns.

Historia

1. Comparar as formas de vida do Imperio romano coas dos reinos xermánicos.
2. Utilizar as fontes históricas e entender os límites do coñecemento histórico.
3. Caracterizar a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños.
4. Comprender as orixes do islam e o seu alcance posterior.
5. Explicar a importancia de Al-Ándalus na Idade Media.
6. Interpretar mapas que describan os procesos de Reconquista e repoboación cristiáns na Península ibérica.
7. Recoñecer as características básicas da arte prerrománica.
8. Comprender o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas.
9. Explicar a importancia do Reino de Galicia e do Camiño de Santiago.

10. Describir a importancia da arte románica, gótica, islámica e mudéjar.

Libro de texto

PMAR ESO NIVEL 2	PROGRAMA DE MELLORA ÁMBITO LINGÜÍSTICO E SOCIAL	XERAIS	978-84-9121-228-7
------------------	--	--------	-------------------

Temporalización

En cada un dos trimestres impartiranse dúas unidades do libro de texto, isto é:

PRIMEIRA AVALIACIÓN: UNIDADES 1 E 2.

SEGUNDA AVALIACIÓN: UNIDADES 3 E 4.

TERCEIRA AVALIACIÓN: UNIDADES 5 E 6.

Organización e secuenciación de contidos

COMUNICACIÓN

1. Lectura, comprensión e interpretación de textos seleccionados en relación ao eixe central da unidade, e expresión oral e escrita.
2. A comunicación e os seus elementos. A linguaxe verbal. A intención comunicativa e os tipos de textos.
3. A narración, o diálogo, a descrición, a exposición e a argumentación. Tipos de xéneros, estrutura do contido e escritura de textos de distinta tipoloxía.

LINGUA GALEGA

1. As unidades lingüísticas: substantivo, adxectivo, verbo, frase, cláusula.
2. As principais funcións que se establecen no interior das cláusulas: suxeito, predicado, complemento directo, complemento indirecto, complemento circunstancial.
3. Os procesos de formación de palabras.
4. As relacións semánticas entre as palabras.
5. O alfabeto. Correspondencia entre grafías e fonemas. A acentuación gráfica. Uso de grupos consonánticos.
6. A situación lingüística na Península ibérica.
7. Linguas minorizadas e linguas minoritarias.

LITERATURA

1. A literatura e o seu contexto. A linguaxe literaria. A historia literaria. Os xéneros literarios.
2. O xénero narrativo. O punto de vista da narración. Os acontecementos narrables. Os personaxes. O tempo e o espazo na narración. A valoración dun texto narrativo.
3. O xénero dramático. Os diálogos teatrais. A estrutura dunha obra dramática. Os personaxes. A representación teatral.
4. O xénero lírico. A forma poética. A mensaxe poética. Os recursos lingüísticos e literarios na poesía.
5. A creación literaria: o microrrelato, o conto, o relato de misterio, os haikus e o rap. A dramatización. Os concursos literarios. O Día do Libro.
6. A lectura persoal: *El monte de las ánimas*, de Gustavo Adolfo Bécquer; «Irmaus», de Celso Emilio Ferreiro; *Cuatro corazones con freno y marcha atrás*, de Enrique Jardiel Poncela.

CIENCIAS SOCIAIS

Xeografía

1. Europa e a súa poboación: desequilibrios, dinámicas, movementos migratorios e modelos demográficos.
2. As actividades económicas europeas e as súas políticas. Desigualdades e desequilibrios.
3. As paisaxes humanizadas españolas. A acción humana sobre o territorio.
4. Problemas ambientais españois, a contaminación e o desenvolvemento sostible.
5. A organización territorial do Estado español.
6. As institucións autonómicas de Galicia.
7. A poboación española e galega, características xerais e migracións.
8. As cidades europeas e españolas e a súa evolución. O proceso de urbanización. A cidade como ecosistema.

Historia

1. A Idade Media. Concepto e subetapas: Alta, Plena e Baixa Idade Media.
2. A «caída» do Imperio romano en Occidente: división política e invasións xermánicas.
3. Os reinos xermánicos e o Imperio bizantino (Oriente).
4. O feudalismo.
5. O islam e o proceso de unificación dos pobos musulmáns.
6. A Península ibérica: invasión musulmá (Al-Ándalus) e os reinos cristiáns.
7. A Plena Idade Media en Europa (séculos XII e XIII). A evolución dos reinos cristiáns e musulmáns. Emirato e califato cordobés. Reinos de Castela e Aragón. Reconquista e repoboación.
8. O Reino de Galicia e o Camiño de Santiago.
9. A expansión comercial europea e a recuperación das cidades.
10. A Baixa Idade Media en Europa (séculos XIV e XV). A crise e a peste negra e as súas consecuencias. Al-Ándalus: os reinos de taifas e os reinos de Castela e Aragón.
11. A arte románica, gótica, islámica e mudéjar.

LINGUA CASTELÁ

1. As categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, verbo, adverbio, pronome, determinante, preposicións, conxuncións, locucións.
2. Os sintagmas e os seus constituíntes. A estrutura oracional: o suxeito, a impersonalidade e o predicado.
3. A oración como unidade semántica. A creación coherente de oracións compostas.
4. O texto como unidade lingüística: a intención comunicativa, o contexto, o sentido, a coherencia, a cohesión e a adecuación.
5. A orixe, a formación e o significado das palabras. O manexo do dicionario.
6. As variedades xeográficas, situacións e sociais da lingua española.
7. A correspondencia entre grafas e fonemas. A entoación. A escritura de siglas, acrónimos, abreviaturas e símbolos. O uso do til. A ortografía das letras. Os signos de puntuación.

Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave

1. Captar as ideas principais e secundarias dun texto oral ou escrito.
 - 1.1 Separa idea principal de idea secundaria. CCEC, CCL, CSC, CD, CAA, CSIEE
 - 1.2 Diferencia narración e diálogo. CCEC, CCL, CAA, CSC, CD, CSIEE
2. Elaborar un resumo, esquema a partir dun texto, exposición ou debate.
 - 2.1 Extrae información de un texto. CCEC, CCL, CSC, CD, CAA, CSIEE
 - 2.2 Expone oralmente unha información. CCEC, CCL, CSC, CD, CAA, CSIEE
3. Sintetizar por escrito ou oralmente un texto ou varios textos sinxelos.
 - 3.1 Inventa desenlaces para distintas textos CCEC, CCL, CSC, CD, CAA, CSIEE
 - 3.2 É capaz de crear oralmente unha historia cuidando o vocabulario. CCL, CSC, CD, CAA, CSIEE, CCEC
4. Comprender e seguir as instrucións para a elaboración do traballo ou actividade e realizala dun xeito ordenado, coherente, respectando as normas propias de cada actividade.
 - 4.1 Segue de un modo correcto as instrucións nas tarefas de clase. CCL, CSC, CD, CAA, CSIEE
 - 4.2 Toma nota sen faltas de ortografía de distintos textos. CCL, CSC, CD, CAA, CSIEE, CCEC

5. Entender e explicar (oralmente ou por escrito) as interrelacións que se establecen nos feitos históricos e a relación entre as causas e consecuencias.
- 5.1 Entende o eixe cronolóxico nos feitos históricos. CCEC, CCL, CD, CAA, CSC, CSIEE
- 5.2 Sabe situar nun mapa o imperio bizantino e os reinos xermánicos.
CCL, CD, CAA, CSC, CSIEE, CCEC
6. Consultar as fontes de información, seleccionar e empregar a información en traballos, actividades...
- 6.1 Consulta atlas de historia e xeografía e extrae información que utiliza na aula.
CCL, CAA, CD, CSC, CSIEE, CCEC
- 6.2 Utiliza a rede para buscar información de feitos históricos e sintetiza a información.
CCL, CAA, CD, CSIEE, CSC, CCEC
7. Utilizar adecuadamente a lingua, oral e escrita, segundo a situación comunicativa.
- 7.1 Sabe cando utiliza adecuadamente a lingua. CCEC, CCL, CAA, CD, CSIEE, CSC
- 7.2 Comprende cando un texto non é coherente. CCEC, CCL, CAA, CD, CSIEE, CSC
8. Utilizar a lingua, oral e escrita, para elaborar textos que respecten as normas propias do galego e castelán.
- 8.1 Diferencia os tempos verbais en galego e en castelán. CCEC, CCL, CAA, CD, CSIEE, CSC
- 8.2 Coñece aspectos comúns na morfoloxía das dúas linguas. CCEC, CCL, CAA, CD, CSIEE, CSC
- 8.3 Coñece aspectos comúns na acentuación das dúas linguas. CCEC, CCL, CAA, CD, CSIEE, CSC
9. Utilizar, ampliar e enriquecer o vocabulario.
- 9.1 Consulta o dicionario para dúbidas lingüísticas. CCEC, CCL, CD, CAA, CSIEE, CSC
- 9.2 Elabora fichas coas palabras nas que presenta dificultades. CCEC, CCL, CD, CAA, CSIEE, CSC
10. Debater sobre un tema, buscando e seleccionando a información, con argumentos coherentes e respectando as normas do diálogo.
- 10.1 Modera as intervencións dos compañeiros. CCEC, CCL, CAA, CSIEE, CD, CSC
- 10.2 Respecta as distintas opinións dos compañeiros. CCEC, CCL, CAA, CSIEE, CD, CSC
11. Entender, obter información e utilizala, das fontes propias das ciencias sociais (mapas, pirámides de poboación, gráficas, liñas cronolóxicas...).
- 11.1 Comenta mapas, textos, gráficos ou imaxes da Historia. CCEC, CAA, CCL, CSIEE, CD, CSC
- 11.2 Analizo pirámides de poboación e explico os datos obtidos. CCEC, CAA, CCL, CD, CSIEE, CSC
12. Utilizar a información obtida das fontes anteriores, relacionala e comunicala respectando as normas establecidas (escritas, orais).

12.1 Sabe utilizar a información obtida das distintas fontes.	CCEC, CAA, CCL, CD, CSIEE, CSC
13. Elaborar traballos individualmente ou en grupo (flexible) utilizando as técnicas e vocabulario propio da materia á que pertencen as actividades.	
13.1 Domina termos técnicos de cada etapa da Historia	CCEC, CAA, CCL, CD, CSIEE, CSC
14. Coñecer os trazos xerais da diversidade xeográfica, histórica e lingüística mostrándose respectuoso e crítico coa mesma.	
14.1 Aprecia a riqueza multicultural de España.	CCEC, CAA, CSIEE, CD, CCL, CSC
14.2 Valora o rico patrimonio artísticos español.	CAA, CSIEE, CD, CCL, CSC, CCEC
14.3 Valora a importancia do clima na paisaxe española.	CCEC, CAA, CSIEE, CD, CCL, CSC
15. Valorar a importancia da conservación e mellora do medio natural e artístico.	
15.1 Respecta e cuida o seu hábitat máis próximo.	CCEC, CAA, CCL, CSIEE, CD, CSC
15.2 Aprecia as manifestacións artísticas.	CCEC, CAA, CCL, CSIEE, CD, CSC
16. Coñecer, entender a organización política a diferentes escalas, da local ás grandes institucións internacionais.	
16.1 Comprende a organización territorial de España.	CAA, CSIEE, CD, CCL, CSC, CCEC
16.2 Comprende as función propias do seu concello.	CAA, CCL, CSIEE, CD, CSC, CCEC
16.3 Comprende o funcionamento da ONU.	CAA, CCL, CSIEE, CD, CSC, CCEC
17. Coñecer e comprender os principais problemas do mundo actual.	
17.1 Infórmase sobre o traballo dalgunha ONG.	CD, CAA, CSIEE, CCL, CSC, CCEC
17.2 Sabe o que é o voluntariado social.	CD, CAA, CSIEE, CCL, CSC, CCEC
18. Coñecer, entender e valorar as diferentes institucións e principios democráticos existentes.	
18.1 Le e comenta algún artigo da Constitución española actual.	CCEC, CD, CAA, CCL, CSIEE, CSC
18.2 Comprende a importancia de vivir nunha democracia.	CSC, CCEC, CD, CAA, CCL, CSIEE
19. Apreciar os dereitos e liberdades das persoas e pobos como unha importante conquista, e valorar dun xeito crítico aquelas situacións nas que non se respecten.	
19.1 Distingue unha democracia dunha dictadura.	CAA, CD, CSIEE, CCL, CSC, CCEC
19.2 Respecta as opinión dos compañeiros.	CAA, CD, CSIEE, CCL, CSC, CCEC
20. Clasificar os substantivos. Xénero e número dos sustantivos	
20.1 Clasifica os substantivos en comúns, propios, contables, incontables...	CSIEE, CCL, CSC, CCEC, CAA, CD

21. Recoñecer os adxectivos: xénero, número e graos do adxectivo.

21.1 Utiliza adxectivos para mostrar as cualidades e propiedades do que describe.

CSC, CCEC, CAA, CD, CSIEE, CCL

22. Recoñecer os distintos tipos de determinantes nun texto e identificar o substantivo ó que acompañan.

22.1 Escribe textos descriptivos obxectivos utilizando adecuadamente os determinantes.

CAA, CD, CSIEE, CCL, CSC, CCEC

23. Recoñecer, clasificar e interpretar o valor gramatical dos pronomes que aparecen nun texto

23.1 Escribe noticias utilizando adecuadamente os pronomes e o vocabulario da unidade.

CAA, CD, CSIEE, CCL, CSC, CCEC

24. Coñecer a conxugación dos verbos regulares.

24.1 Aplica os coñecementos sobre o verbo para mellorar a comprensión e expresións escritas.

CAA, CD, CSIEE, CCL, CSC, CCEC

25. Recoñecer adverbios e preposicións.

25.1 É capaz de recoñecer nun texto os distintos tipos de adverbios e preposicións.

CAA, CD, CSIEE, CCL, CCEC, CSC

26. Coñecer o papel da relixión en Occidente na fusión entre a civilización romana e as dos pobos bárbaros recén chegados.

26.1 Analiza a importancia do Camiño de Santiago como vía de enlace entre a España cristiá e Europa.

CAA, CD, CSIEE, CCL, CCEC, CSC

26.2 Descubre o Camiño de Santiago como difusor de correntes artísticas internacionais.

CAA, CD, CSIEE, CCL, CCEC, CSC

27. Describir e identificar as características da arte islámica, románica e gótica.

27.1 Distingue unha catedral dunha mesquita.

CAA, CD, CSIEE, CCL, CSC, CCEC

27.2 Distingue entre catedral románica e gótica.

CAA, CD, CSIEE, CCL, CSC, CCEC

28. Analizar as características da poboación europea e do mundo.

28.1 Recoñece as causas dos movementos migratorios.

CCEC, CAA, CD, CSIEE, CCL, CSC

28.2 Identifica a organización territorial de Europa.

CSC, CCEC, CAA, CD, CSIEE, CCL

28.3 Comprende a importancia dos transportes na actualidade.

CAA, CD, CSIEE, CCL, CSC

28.4 Describe os problemas mediambientais motivados polo desenvolvemento das cidades.

CCEC, CSC, CAA, CD, CSIEE, CCL

28.5 Comprende a distribución da poboación rural e urbana en España.

CSC, CAA, CD, CSIEE, CCL, CCEC

Contribución ó logro das competencias clave

Comunicación lingüística

- Desenvolver habilidades lingüísticas para comprender un texto e para expresarse oralmente e por escrito.
- escoitar e participar activamente tendo en conta as convencións sociais implícitas nos procesos de comunicación.
- Desenvolver habilidades para enriquecer e ampliar o vocabulario.
- Desenvolver habilidades para expresar e compartir ideas propias e recoñecer as doutros.
- Recoñecer os trazos que diferencian ás distintas tipoloxías textuais para mellorar a comunicación.
- Desenvolver habilidades para aplicar os coñecementos gramaticais na comunicación diaria.
- Ampliar o vocabulario utilizando o dicionario.
- Recoñecer e valorar a pluralidade lingüística e a variedade das linguas en distintas situacións e en diferentes ámbitos.
- Recoñecer a importancia da correcta ortografía nos escritos de calquera ámbito, especialmente o académico.
- Interpretar e usar con propiedade a linguaxe específica das Ciencias Sociais.
- Expresar, resumir e comprender textos históricos e descritivos da realidade socioeconómica que nos rodea.
- Expoñer e debater ideas propias ou procedentes de diversas fontes históricas ou actuais.
- Redactar correctamente comentarios de texto e interpretar imaxes de carácter xeográfico e histórico.
- Describir e fundamentar a realidade cotiá doutros lugares e outros tempos.
- Usar habilidades lingüísticas para a comprensión de fragmentos literarios narrativos, líricos e dramáticos, e fomentar así o gusto pola lectura.
- Aplicar os coñecementos literarios adquiridos para crear textos literarios persoais.
- Ler obras enteiras e recoñecer nelas a importancia do contexto en que se escribiron.

Competencia dixital

- Buscar, obter, seleccionar e procesar información en distintos soportes das TIC.
- Manexar dicionarios para ampliar o coñecemento de palabras e descubrir a súa orixe.
- Comunicar información en distintos soportes das TIC.
- Utilizar e descodificar linguaxes específicas: textual, numérico, icónico, visual e gráfico.
- Buscar, seleccionar, procesar e presentar información a partir de fontes diversas e en formas variadas en relación cos fenómenos sociais, históricos e xeográficos.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

- Utilizar estruturas lóxicas indutivas ou dedutivas para crear textos coherentes.
- Manexar a escritura de símbolos científicos e números.
- Utilizar correctamente a linguaxe matemática para cuantificar os fenómenos sociais.
- Usar con propiedade as ferramentas matemáticas básicas para as Ciencias Sociais: táboas de datos, pirámides de poboación, gráficas de datos socioeconómicos etc.
- Desenvolver a capacidade de observación crítica e proveitosa do ámbito social e físico, obtendo información útil para iso.
- Asumir o método científico propio das Ciencias Sociais para aproximarse á realidade que nos rodea.
- Ser capaz de explicar ou xustificar fenómenos cotiáns relacionados coa Historia e a Xeografía.
- Recoñecer a importancia das Ciencias Sociais e da súa repercusión na nosa calidade de vida.

Aprender a aprender

- Ler analiticamente para extraer ideas básicas para a comprensión dun texto.
- Utilizar coñecementos previos para contextualizar un texto.
- Recoller información obtida para interpretar correctamente o texto.

- Traballar de xeito autónomo para controlar e autoavaliar as súas propias capacidades.
- Traballar cooperativamente e de xeito produtivo e responsable para conseguir un obxectivo.
- Identificar e manexar diversidade de respostas posibles ante unha mesma situación.
- Deducir informacións máis alá das contidas nun texto.
- Utilizar os coñecementos adquiridos para a creación de textos persoais.
- Utilizar os coñecementos lingüísticos para mellorar a comunicación oral e escrita.
- Aplicar as regras ortográficas en todos os escritos.
- Utilizar os coñecementos pragmáticos textuais para mellorar a comunicación oral e escrita.
- Utilizar os coñecementos adquiridos sobre as variedades para saber usar a lingua en distintas situacións.
- Analizar os fenómenos sociais, históricos e xeográficos, buscando a xustificación e tratando de identificalos no ámbito cotián.
- Desenvolver as capacidades de síntese e de dedución aplicadas aos fenómenos sociais e xeográficos.
- Potenciar as destrezas propias das Ciencias Sociais, tendo como referencia a metodoloxía propia das devanditas ciencias.
- Mellorar as destrezas relacionadas coa organización adecuada da información, mediante a realización de fichas, apuntamentos, esquemas, resumos etc.
- Representar e visualizar modelos que axuden a comprender as características da paisaxe xeográfica e da arte medieval.
- Aplicar todos os coñecementos literarios aprendidos para comentar un texto e comprender as obras literarias lidas.

Competencias sociais e cívicas

- Saber comunicarse en distintos contextos, expresando as ideas propias, escoitando e respectando os demais.
- Compartir con outros coñecementos previos sobre o tema central do texto proposto.
- Descubrir o significado de signos non verbais que son habituais no ámbito social.
- Desenvolver habilidades para expresar ideas propias nas súas relacións cos demais.
- Participar de xeito activo en traballos cooperativos.

- Fomentar capacidades para desenvolver a organización na vida privada e social.
- Desenvolver habilidades para asumir as diferenzas entre as persoas e a aceptación destas.
- Reflexionar sobre algunhas eivas do noso tempo: a escravitude, o machismo, a pobreza, os refuxiados, os dereitos dos nenos que non se cumpren, a infelicidade.
- Respetar e valorar a diversidade lingüística.
- Lograr a base de coñecementos necesaria para participar de forma consciente e crítica na sociedade tecnoloxicamente desenvolvida en que vivimos.
- Tomar conciencia dos problemas ligados á preservación do medio ambiente e da necesidade de alcanzar un desenvolvemento sostible a través da contribución da Xeografía e a Historia.
- Desenvolver capacidades para distinguir a realidade da ficción.
- Reflexionar sobre a situación de España como país de acollida a partir do traballo lingüístico cun texto.
- Compartir coa comunidade escolar algúns eventos literarios como un certame ou a celebración do Día do Libro.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

- Converter ideas propias en algo creativo.
- Desenvolver a imaxinación e a creatividade individual, e compartir as novas ideas co grupo.
- Alcanzar iniciativas para tomar partido por unha ou outra opción.
- Desenvolver o espírito crítico e o afán de coñecer.
- Asumir tarefas dentro do traballo cooperativo.
- Desenvolver capacidades para valorar o tempo e o esforzo na organización persoal.
- Interpretar mensaxes emprendedoras nos textos traballados.
- Desenvolver a imaxinación para inventar palabras, siglas, abreviaturas e símbolos nos seus escritos.
- Ler en público, recitar, dramatizar un texto de autor ou de creación propia.
- Defender posturas persoais en faladoiros e debates.
- Aprender a empatizar para descubrir e entender os sentimentos dos demais.
- Ser competitivo cun mesmo para mellorar a aprendizaxe.
- Alcanzar propostas de solución ante situacións hipotéticas.
- Desenvolver a capacidade de propoñer análise e explicacións da realidade social do ámbito e deseñar

proxectos de actuación, de acordo co interese xeral.

- Ser capaz de levar a cabo proxectos ou traballos sinxelos relacionados coas Ciencias Sociais.
- Potenciar o pensamento orixinal para afrontar situacións diversas, cuestionando os prexuízos sociais ou ideas preconcebidas.

Conciencia e expresións culturais

- Recoñecer o valor que ten a expresión na literatura.
- Valorar o patrimonio literario galego e español.
- Gozar lendo, creando, recitando, dramatizando.
- Recoñecer o valor creativo que ten o teatro.
- Apreciar a importancia que posúe a expresión teatral ante un público.
- Converter ideas propias en debuxos creativos.
- Desenvolver o sentido do humor.
- Representar e visualizar modelos que axuden a comprender as características da arte medieval.
- Valorar e preservar a expresión artística e o patrimonio cultural europeo, español e galego.
- Recoñecer o valor transcendental que ten a poesía.
- Apreciar a importancia que posúe a expresión de emocións e de sentimentos a través da poesía.
- Valorar a importancia que posúe o desenvolvemento da imaxinación.
- Manifestar sentimentos persoais a partir da creación poética.
- Desenvolver o ritmo e a musicalidade.
- Desenvolver habilidades plásticas para crear un decorado.
- Gozar protagonizando un programa de televisión.
- Alcanzar a satisfacción persoal a partir da creación propia, da súa difusión e do recoñecemento por parte dos outros.
- Desenvolver hábitos de lectura.

Grao mínimo de consecución para superar a materia

Grao mínimo de consecución de Lingua galega e Literatura e Lingua castelá e Literatura

- 1.1 Separa idea principal de idea secundaria.
- 2.2 Expón oralmente unha información
- 3.2 Crea oralmente historias coherentes e cohesionadas
- 4.2 Toma notas e redacta sen faltas de ortografía
- 8.3 Coñece a acentuación nas dúas linguas
- 9.1 Consulta o diccionario para resolver dúbidas lingüísticas
- 20.1 Clasifica os substantivos en común, propios, contables, incontables...
- 21.1 Utiliza adxectivos para mostrar as cualidades e propiedades do que describes.
- 22.1 Escribe textos descriptivos obxectivos utilizando adecuadamente os determinantes.
- 23.1 Escribe noticias utilizando adecuadamente os pronomes e o vocabulario da unidade.
- 24.1 Aplica os coñecementos sobre o verbo para mellorar a comprensión e expresións escritas.
- 25.1 É capaz de recoñecer nun texto os distintos tipos de adverbios e preposicións.

Grao mínimo de consecución de Xeografía e Historia

- 5.1 Entende o eixe cronolóxico nos feitos históricos.
- 5.2 Sabe situar nun mapa o Imperio bizantino, o islam e os reinos xermánicos.
- 11.1 Comenta mapas, textos, gráficos ou imaxes da Historia.
- 11.2 Analiza pirámides de poboación e explica os datos obtidos.
- 13.1 Domina termos técnicos de cada etapa da Historia.
- 14.1 Aprecia a riqueza multicultural de España.
- 14.2 Valora o rico patrimonio artístico español.
- 14.3 Analiza a importancia do clima na paisaxe española.
- 16.1 Comprende a organización política de España.
- 18.1 Le e comenta algún artigo da Constitución española actual.

19.1 Distingue unha democracia dunha ditadura.

26.1 Analiza a importancia do Camiño de Santiago como vía de enlace entre a España cristiá e Europa.

26.2 Descubre o Camiño de Santiago como difusor de correntes artísticas internacionais das cidades.

27.1 Distingue unha catedral dunha mesquita.

27.2 Distingue unha catedral románica dunha gótica.

28.1 Recoñece as causas dos movementos migratorios.

28.2 Identifica a organización territorial de Europa.

28.3 Comprende a importancia dos transportes na actualidade.

28.4 Describe os problemas mediambientais motivados polo desenvolvemento das cidades.

28.5 A poboación rural e urbana en España.

Plan lector

O alumnado, ademais de poder realizar actividades de lectura individual na biblioteca, na aula e na casa atendendo ás necesidades e estratexias que o/a profesor/a estime conveniente segundo o desenvolvemento do curso, deberá ler tres libros, un por avaliación tanto en galego como en castelán.

No caso de Lingua galega e Literatura, serán os seguintes:

- YÁÑEZ, Antía: *O misterio do torque de Burela*, Editorial Galaxia.
- COSTAS, Leticia: *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta*, Ed. Xerais.
- MOROSINOTTO, Davide: *Nemo. O xigante de pedra*, Edicións Xerais.

Para Lingua castelá e Literatura:

- GALLEGO GARCÍA, LAURA: *El coleccionista de relojes extraordinarios*, Ediciones SM.
- VELASCO, JOSÉ LUIS: *El misterio del eunuco*, SM.
- CÉSAR MALLORQUÍ: *Las lágrimas de Shiva*, EDEBE.

Materiais e recursos didácticos utilizables

Os materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos de Ámbito Lingüístico e serán de distinta natureza.

- Libro de texto
- Fotocopias cando se trate de documentos escritos de índole literaria, histórica, periodística, científica...
- Recursos fotocopiados da Proposta didáctica, con actividades de reforzo e ampliación e lecturas complementarias para traballar a comprensión lectora.
- CD audio do libro do alumno e DVDs educativos dos que dispón o profesor.
- Libro dixital: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- Enlaces web para a realización de exercicios de lingua, literatura e xeografía e historia.
- Internet na aula, pero tamén, cando se estime oportuno, se pode utilizar a aula de informática para que o alumno, individualmente, poida consultar e elaborar os traballos.
- Exposición de fragmentos de películas ou documentais na mesma aula por dispoñer de ordenador e canón ou na aula de audiovisuais.
- Dicionarios de galego e castelán, cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita; parchís ortográfico, libros lúdicos sobre a historia de Galicia; mapas e atlas. Material do que dispón o alumno na mesma aula de PMAR.
- Exemplos dos libros de lectura e enciclopedias para reforzar os coñecementos ou elaborar traballos. Todo á súa disposición na biblioteca do centro.
- Material elaborado polo profesor e que se acomode ás unidades programadas e ás necesidades específicas do alumnado, pois no grupo aínda se pode dar a diversidade. Este material tamén pode ser utilizado polo alumno. Basearase nos seguintes libros de texto:

Cadernos para a diversificación. 3º ESO. (Xeografía e Historia)

Xeografía e Historia. 3º ESO. Ed. Anaya. 2015.

Historia. 4º ESO. Ed. Santillana. Proxecto A Casa do Saber.

Lengua castellana y literatura. 3º ESO. Ed. Anaya.

Lengua castellana y literatura. 4º ESO. Ed. Almadraba. Zorzal.

Lengua castellana y literatura. 2º ESO. Ed. Anaya.

Lingua galega e literatura. 3º ESO. Ed. Anaya.

Lingua e literatura. 4º ESO Ed. Anaya.

Lingua e literatura. 2º ESO. Ed. Anaya.

Tamén se empregarán, entre outros, os seguintes libros e cadernos:

Manual práctico de galego. Ramón Beltrán Carballeira. Baía Edicións. A Coruña, 2006.

Pemar. Ámbito lingüístico y Social. Editex.

Cadernos de lingua. De ortografía, morfoloxía, léxico. Ed. Anaya.

Cadernos de Lingua. Ed. Xerais.

Cuadernos de ejercicios gramaticales. 1. Morfología. Edunsa.

Cuadernos de morfosintaxis. Ed. Anaya.

Cuadernos de ortografía de Ed. Bruño e Ed. Oxford.

Refuerzo de Lengua. 3º. Ed. Casals. 2007.

Procedementos e instrumentos de avaliación e criterios de cualificación e promoción

A avaliación dos alumnos baséase en dous elementos:

- O traballo diario, a participación activa nas clases e a correcta expresión oral da lingua.
- Os exames ou probas escritas.

Avaliación inicial e medidas adoptables como consecuencia dos resultados.

Nas primeiras sesións do curso, a profesora realizará unha avaliación inicial dos aspectos máis básicos do curso, para valorar o nivel do alumnado. Farase, preferiblemente, a partir de textos, dos cales se extraerán as cuestións referentes á lingua, á literatura e á xeografía e historia. Unha vez avaliados, a profesora devolverá os exercicios corrixidos. Tamén se avaliará a capacidade de expresión do alumnado, así como a interacción entre os/as alumnos/as do grupo, a partir de actividades como auto-presentacións, debates sobre perspectivas ante o novo curso, etc

En función dos resultados obtidos, reforzaranse, individual e, de ser o caso, colectivamente, aqueles aspectos do currículo que se considere necesario reforzar.

Avaliacións parciais e final

Para obter unha avaliación final positiva, serán requisitos imprescindibles os seguintes:

- A superación das probas escritas (mínimo, dúas por avaliación e materia coas correspondentes recuperacións) e, no seu caso, orais, realizadas ó longo do curso. Nas probas escritas valorarase, ademais dos coñecementos demostrados, a corrección expresiva (ortografía, presentación, puntuación...) A cualificación obtida nestas probas completarase con:
- A realización de todas as tarefas encomendadas pola profesora ó longo do curso; inclúese neste apartado, ademais, o caderno de actividades e a lectura dos libros seleccionados pola profesora.
- A participación activa nas clases, o traballo diario na aula, a puntualidade na entrega de exercicios, traballos e tarefas, e a coidadosa utilización do noso idioma en todas as intervencións orais. A cualificación final resultará da media obtida nas tres materias que compoñen o ámbito e supoñerá ter superado cada unha delas.

En cada avaliación a cualificación será resultado dos aspectos que se reflicten na seguinte táboa:

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	DESCRIPCIÓN	PONDERACIÓN
Proba específica aberta.	De composición.	60%
Proba específica obxectiva.	Preguntas de resposta curta. Mapas conceptuais. Redaccións. Vocabulario. Ortografía. Análise dun texto literario.	
Rexistro de observación do caderno/ portofolio.	Valoración mediante rúbricas.	20%
Rexistro de observación na aula.	Listas de control.	
Análise de traballos individuais ou de grupo.	Valoración mediante rúbricas.	
Comunicación Oral. escoitar e falar.	Valoración mediante rúbricas.	10%
Proba de lectura do libro.	Preguntas resposta curta.	10%

Considérase **aprobada** unha avaliación cando a suma das **catro** porcentaxes citadas sexa como mínimo de **5** puntos.

Ó final de cada avaliación, aqueles alumnos que non se encontren nesta situación realizarán unha **proba de recuperación adaptada ó curso e/ou materia**. Antes de final de curso, ou despois de cada avaliación, no caso

de “Funcionamento da Lingua”, “Lingua e sociedade” e de “Literatura”, o alumnado que teña cualificación inferior a 5 nalgunha avaliación poderá optar a unha recuperación. Pero non sucederá o mesmo para avaliar o dominio das destrezas básicas (bloques de Lingua oral e escrita, comprensión e expresión). Estas serán valoradas tendo en conta o progreso ó longo do curso. Esta nota de recuperación, de ser positiva, será a que se teña en conta para a nota final. Se for negativa, para a nota final tomarase a maior das dúas.

Poderase descontar un máximo de 1.5 puntos por faltas de ortografía, problemas de expresión, redacción, coherencia, adecuación.

AVALIACIÓN FINAL

A profesora ou profesor poderá establecer unha proba parcial coas preguntas correspondentes a avaliacións non superadas, ou unha proba global para os alumnos que non teñan superado ningunha.

En xuño o criterio a seguir para o cálculo da cualificación final será:

1ª Avaliación	2ª Avaliación	3ª Avaliación
30 %	35 %	35 %

O alumno /a superará a materia se a cualificación final é de 5 puntos ou superior.

No exame global, a nota final será a obtida nesa proba.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

A avaliación extraordinaria (setembro) levarase a cabo en data e hora sinaladas pola Dirección do centro mediante unha proba escrita na que se avaliará a totalidade do curso e da que se obterá a cualificación correspondente.

As probas extraordinarias de setembro constarán de **dez** preguntas, distribuídas do seguinte modo entre os diferentes bloques:

- Bloque de Comunicación/Comprensión e Expresión. Escribir un texto recollendo unha interpretación persoal sobre un trama, ou tema, escrito con coherencia e cohesión. Solicitarase un estilo persoal. 10 %
- 1 10 %
 - 2 Bloque de Lingua Galega. Tres preguntas sobre gramática, ortografía léxico e literatura. 30 %
 - 3 Bloque de Ciencias Sociais/Xeografía/Historia. Tres preguntas. 30 %
 - 4 Bloque de Lingua Castelá. Tres preguntas sobre ortografía, gramática, léxico... 30 %

TOTAL 100
%

Mecanismos para recuperar unha proba non superada

As diferentes probas dunha avaliación recuperaranse de acordo co establecido.

Mecanismos para recuperar unha avaliación non superada

Para a recuperación de avaliacións non superadas seguirase o establecido máis arriba neste apartado.

De como se calcula a cualificación final da materia na avaliación ordinaria

Segundo os criterios xa expostos neste mesmo apartado.

Alumnado que deberá realizar a avaliación final

Todos aqueles que non acaden a media de 5 tras a realización da media das cualificacións das avaliacións 1ª, 2ª e 3ª suxeitas á ponderación que figura neste apartado.

Tipo de proba final

A proba final será un exame escrito na que se avaliará da totalidade dos contidos do curso.

Dos estándares que se van avaliar

Na proba estarán suxeitos a avaliación todos os estándares da materia impartidos.

De como se calcula a cualificación final

Ben coa media ponderada das cualificacións das tres avaliacións (30 %, 35 % e 35 %, respectivamente), unha vez feita a recuperación dunha avaliación suspensa, cando é o caso; ou coa nota da proba final, no caso de que dita media non acade o 5.

Sobre os redondeos

As cualificación deberán expresarse en números naturais enteiros, tal como indica a lei. Para que isto sexa posible cumprirá en moitas ocasións recorrer a redondeos.

Por acordo dos membros deste departamento, os redondeos efectuaranse nas **avaliacións ordinarias** a partir dos tres cuartos de punto (**0,75**) á nota enteira inmediatamente superior. Así, por poñer un exemplo, unha nota media de 5,55 deberá redondearse a 5, mentres que unha cualificación de 5,75 ou superior (ata 5,99) redondearase a 6.

No caso das avaliacións final de xuño e extraordinaria de setembro, o redondeo expresarase na escala de 1 a 10 a partir da cualificación «equidistante» (metade de punto ou **0,5**), ata a nota enteira inmediatamente superior.

Por exemplo, se a nota obtida é de 3,45, o redondeo será a 3, mentres que se a cualificación é de 3,50 (ou superior, ata 3,99), redondearase a 4.

Cómpre aclarar que os redondeos só se aplicarán para achar a cualificación dunha avaliación (nunca dunha proba parcial), para o exame final de xuño (avaliación ordinaria) e para o exame de setembro (avaliación extraordinaria).

CRITERIOS DE CORRECCIÓN ESCRITA

Os seguintes criterios son aplicables a todas as probas, exercicios, traballos e demais actividades escritas que os alumnos realicen ó longo do curso.

En todas as probas, exames e traballos terase en conta a presentación (lexibilidade da letra, espazado, limpeza, utilización de marxes...), acentuación, ortografía, puntuación, corrección gramatical (tanto oracional como textual): desviacións da norma, construción oracional, concordancias, coherencia textual, adecuación, cohesión...) e o léxico (desviacións da norma, abuso de palabras comodín...) e, en xeral, calquera elemento que vaia contra as normas que rexen a correcta expresión escrita. Visto o anterior, ó alumno ou alumna que cometa calquera das faltas anteriores, restaráselle da puntuación da proba ou escrito ata un máximo dun **15 %** da cualificación total. Será a discreción do profesor/a valorar a ponderación da gravidade das devanditas faltas (considerando que non procede unha nova resta se se repite exactamente a falta, pero si se aplicará o desconto se a falta non é **exactamente** a mesma).

ALGÚNS EXEMPLOS DE DESCONTOS POR FALTAS NAS PROBAS E EXERCICIOS ESCRITOS

FALTA LEVE	FALTA GRAVE	FALTA MOI GRAVE
<ul style="list-style-type: none"> • Acentuación non diacrítica. • Incorrecto uso de signos de puntuación (falta, exceso, inadecuación...). • Incorrecto uso de maiúsculas e minúsculas. • Emprego de formas dialectais alleas ó estándar vixente (*mañán). • ... 	<ul style="list-style-type: none"> • Inapropiado emprego ou ausencia de acentos diacríticos. • Emprego de grafías alleas ó galego (y). • Incorrecto uso de B ou V. • incorrecta ausencia ou presenza de H. • Desviacións da norma de uso frecuente como (castelanismos, hiperenxebrismos, vulgarismos...). • Asignación de xénero incorrecto a un substantivo • Uso inapropiado das formas do pronome átono (te/che; o, a/lle...). • Incorrecta formación de femininos e plurais. • ... 	<ul style="list-style-type: none"> • Emprego de tempos compostos. • Correccións na conxugación verbal • Incorrecta colocación dos pronomes átonos. • Ausencia de artigo cos posesivos. • Construcións agramaticais, non concordancia e outros erros moi graves de tipo sintáctico. • Emprego de expresións claramente inapropiadas. • ...

0,05 puntos	0,10 puntos	0,20 puntos
-------------	-------------	-------------

OUTRAS ACLARACIÓNS DE INTERESE

- Se un alumno/a non se presenta a un exame, oral ou escrito, sen achegar unha xustificación en debido prazo e forma, e esta actitude é manifestamente reiterativa, o profesor/a valorará a pertinencia de realizarlle unha proba individual nunha data que será fixada por este último. Se a inasistencia ó control está suficientemente xustificada, o/a alumno/a terá dereito a realizar a proba e debe consensuar e concretar co(a) profesor(a) da materia a hora e data da realización do control.
- Como na materia de LGeL é obrigatorio usar o galego, tanto na expresión oral como na escrita, non se considerará válido o emprego doutra lingua, polo que calquera proba, exercicio, actividade, etc. na que non se empregue o galego será cualificada cun 0 (cero); se esta continxencia ocorre nunha ou máis cuestións concretas dun exame e non na súa totalidade, aplicaráselle(s) esta cualificación á(s) cuestión(s) que non estea(n) escrita(s) en galego, non á totalidade do control. O mesmo será de aplicación a unha proba ou parte dunha proba que deba redactarse en lingua castelá.
- A identificación incompleta (nome e apelidos, grupo) en parte das probas escritas será motivo de desconto dun máximo de 0,50 puntos na nota da proba.
- Se un alumno é sorprendido usando métodos fraudulentos en calquera das probas propostas, polo medio que fose (oral, visual, acústico, novas tecnoloxías, etc.), tanto para o seu proveito como pasando información a outro, será cualificado con 0 nesa proba. Se isto tivese lugar nun exame final, irá directamente á proba extraordinaria de setembro; e, se é nese último exame, suspenderá automaticamente a materia.
- No caso de clara apreciación por parte do profesor ou profesora da práctica fraudulenta en forma de plaxio, anularase a cuestión plaxiada ou a totalidade da proba, se é o caso. O mesmo procedemento é de aplicación cando se comprobe a substitución por parte do alumnado das follas do control por outras traída coas respostas resoltas («cambiazos») coa finalidade de enganar o profesor ou a profesora da materia.
- Ademais de ser reprobado e sancionado o emprego de dispositivos electrónicos para copiar nun exame, tamén se terá en conta que está totalmente prohibido o uso da cámara para facer copia dos exames.

Concrecións metodolóxicas que require a materia

Empregarase unha metodoloxía de traballo activa. As explicacións teóricas do profesor reduciranse ó imprescindible e procurarase que o alumnado adquira os coñecementos a través da realización dun amplo

número de actividades. As actividades propostas polo profesor serán sinxelas e amenas, tendo en conta as características que adoita presentar o alumnado de PEMAR. Sempre que sexa posible o profesor corruxirá individualmente as actividades realizadas polo alumnado. Ó final de cada unidade realizaranse exercicios de repaso dos contidos mínimos desa unidade.

Débase evitar a rutina e o aburrimiento duns estudantes escasamente interesados nos contidos escolares máis convencionais. Por iso, recorrerase a aquelas actividades que resulten especialmente motivadoras.

Leranse na aula obras de literatura xuvenil que a experiencia demostrou que resultan especialmente interesantes para os alumnos adolescentes e que permitan o traballo cooperativo e a diversidade de aprendizaxes.

Repaso dos contidos xa estudados no curso anterior; realización das actividades do libro, utilización do dicionario, busca e tratamento de información; elaboración de cadros, esquemas e resumos; estudo da teoría co apoio dunha práctica continuada; elaboración de mapas, esquemas gráficos, etc; exposicións orais de grupos de traballo, debates, simulacións, escenificacións, dramatizacións, etc.

Fomento do uso das TIC para resolver actividades, realizar traballos ou presentacións, ampliar ou complementar a información do libro, etc.

Fomento da aprendizaxe activa e do traballo colaborativo.

Exposición do profesor utilizando diferentes soportes, explicando detalladamente o significado daqueles conceptos máis complexos e novidosos.

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Para tratar de mellorar o proceso educativo, corruxindo os posibles fallos que se cometan na previsión do desenvolvemento dos contidos, competencias clave e consecución dos estándares así como na súa execución, é necesario revisar a programación a final de curso. Pero xa, tras a realización de cada unha das avaliacións, reunirase o departamento para abordar o desenvolvemento e cumprimento do programado, así como as necesidades de axuste, corrección e mellora, tendo en conta os resultados obtidos.

Indicadores de logro do proceso de ensino

	ESCALA			
	1	2	3	4
1. Fixouse un nivel de dificultade adecuado ás características do alumnado.	X	X	X	X
2. Motivouse para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.	X	X	X	X
3. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.	X	X	X	X
4. Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado.	X	X	X	X
5. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.	X	X	X	X

6.	Foi atendida axeitadamente á diversidade do alumnado.	X	X	X	X
7.	Utilizáronse distintos instrumentos de avaliación.	X	X	X	X
8.	Valorouse realmente a observación do traballo na aula.	X	X	X	X
9.	Valorouse axeitadamente o traballo participativo do alumnado.	X	X	X	X

Indicadores de logro da práctica docente

		ESCALA			
		1	2	3	4
1.	Explícanse, como norma xeral, para todo o alumnado.	X	X	X	X
2.	Explícanse individualmente a cada alumno e alumna cando o precise.	X	X	X	X
3.	Elabóranse actividades atendendo á diversidade.	X	X	X	X
4.	Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas tratados.	X	X	X	X
5.	Combínase o traballo individual co traballo en equipo.	X	X	X	X
6.	Poténcianse estratexias de animación á lectura.	X	X	X	X
7.	Poténcianse estratexias de expresión e comprensión oral e escrita.	X	X	X	X
8.	Incorpóranse as TIC ós procesos de ensino – aprendizaxe.	X	X	X	X
9.	Préstase atención ós elementos transversais vinculados a cada estándar.	X	X	X	X
10.	Corríxense as probas e traballos sen demorarse en exceso.	X	X	X	X
11.	Facilítase que o alumnado visualice e comente os seus acertos e erros.	X	X	X	X
12.	Existe implicación nas funcións de titoría e orientación.	X	X	X	X
13.	Adecúanse os apoios e reforzos ós estándares de aprendizaxe.	X	X	X	X
14.	Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo e recuperación.	X	X	X	X

CLAVES:

1: indica desenvolvemento mínimo ou inexistente.

2: indica desenvolvemento deficiente.

3: indica desenvolvemento aceptable.

4: indica desenvolvemento esperado e desexado.

Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Recollemos neste apartado os mecanismo de seguimento, recuperación e avaliación das materias de Lingua galega e Literatura, Lingua castelá e Literatura e Xeografía e historia de 1º de ESO para aqueles alumnos que as teñan pendentes.

Ó se tratar dun grupo tan específico, as actividades de seguimento, recuperación e avaliación destas materias pendentes terán unhas pautas e procedementos especiais, baseadas en moi boa medida no seguimento por parte do/a profesor(a) na propia aula seguindo os criterios «adaptados» achegados polos tres departamentos afectados, que en todo momento deberán coordinarse co profesor da materia.

Dada a imposibilidade de ofrecer clases específicas de recuperación, o profesor/a atenderá os seus alumnos e alumnas pendentes do curso anterior, respondendo as súas dúbidas, entregando material complementario, axudando a aclarar aspectos das materias pendente...

Para poder facer efectiva a **superación de cada unha das materias pendentes**, artículanse os seguintes mecanismos de avaliación:

1. Realización e superación da proba oficial convocada polo centro para maio (do 6 ó 10 de maio) en cada unha das materias pendentes.

Como no caso dos pendentes doutros cursos, o alumnado recibirá ó longo do curso un seguimento persoal por parte do profesor en coordinación cos departamentos implicados con vistas a facilitar o máximo posible a superación das probas oficiais de maio e setembro.

2. De non superaren a(s) materia(s) pendente(s) no exame oficial de maio, os alumnos deberán presentarse as correspondentes probas extraordinarias de pendentes no mes de **setembro** segundo o calendario oficial que estableza a dirección do centro.

OUTRAS ACLARACIÓNS DE INTERESE

- Se un alumno/a non se presenta a un exame, sen achegar unha xustificación en debido prazo e forma, o profesor/a valorará a pertinencia de realizarlle unha proba individual nunha data que será fixada por este último.
- Se un alumno é sorprendido usando métodos fraudulentos en calquera das probas propostas, polo medio que fose (oral, visual, acústico, novas tecnoloxías, etc.), tanto para o seu proveito como pasando información a outro, será cualificado con 0 nesa proba. Se isto tivese lugar nun exame final, irá directamente á proba extraordinaria de setembro; e, se é nese último exame, suspenderá automaticamente a materia.
- No caso de clara apreciación por parte do profesor ou profesora da práctica fraudulenta en forma de

plaxio, anularase a cuestión plaxiada ou a totalidade da proba, se é o caso. O mesmo procedemento é de aplicación cando se comprobe a substitución por parte do alumnado das follas do control por outras traída coas respostas resoltas («cambiazos») coa finalidade de enganar o profesor ou a profesora da materia.

- Ademais de ser reprobado e sancionado o emprego de dispositivos electrónicos para copiar nun exame, tamén se terá en conta que está totalmente prohibido o uso da cámara para facer copia dos exames.

Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

Ó comezo do curso realizaranse ó grupo de 1º de PMAR as probas que o os departamentos estimen oportunas (normalmente unha proba escrita, pero tamén apuntamentos sobre a observación de aula: comprensión lectora, atención, expresión -galego e castelán-, nocións de xeografía e historia, problemas de interacción cos compañeiros e o profesor ou profesora...) de cara á realización dunha diagnose ou avaliación previa ou inicial que permitirá ó profesorado coñecer con maior precisión o nivel de competencias acadado, os coñecementos reais de cada alumno nas materias, detectar os posibles problemas que poidan existir, así como as posibles suxestións sobre medidas que poidan implementar a intervención educativa. Con esta información previa, tamén nas primeiras semanas do curso, o Departamento de Orientación convocará o profesorado para levar a cabo unha sesión de **avaliación inicial**, isto é, o estudo e análise de informes de cursos anteriores, coñecemento previo por parte do profesorado, información recadada na avaliación inicial de cada materia, etc.

A avaliación inicial orientarase -entre outros- á recollida de diferentes aspectos, como por exemplo:

- Cuestións sinxelas sobre contidos impartidos nos cursos anteriores.
- Actividades de comprensión e expresión a través dun texto escrito ou oral para avaliar a comprensión lectora e a competencia comunicativa.
- Un breve cuestionario sobre o uso da lingua galega e castelá en diferentes ámbitos.
- Coñecementos de historia e xeografía...

Resumo

DATA PREVISTA DE AVALIACIÓN

Realizarase durante a última semana de setembro e a primeira de outubro.

TIPOLOXÍA DA PROBA

A avaliación inicial poderá realizarse –como se indicou máis arriba– a través dunha proba escrita sobre contidos básicos (competencias en lecto-escritura, gramática elemental, léxico, nocións de xeografía e historia...) e/ou a observación e valoración do traballo diario na aula durante este primeiro período do curso, de modo que nos permita facer unha diagnose do grao competencial do alumnado.

MECANISMO PARA INFORMAR Á FAMILIA

Toda a información desta avaliación (que non ten por que responder a unha cualificación xenérica, senón á consideración de diferentes aspectos relacionados cos contidos do Ámbito) poderá ser comunicada ás familias, se así o solicitan, a través propio/a profesor(a) que adoita ser o/a titor(a) do curso.

CONSECUENCIAS DOS RESULTADOS DAS PROBAS

A avaliación inicial permitirá coñecer o perfil de cada grupo e a detectar dificultades individuais ou colectivas merecedoras de medidas específicas axeitadas para as estratexias e metodoloxía didáctica, nas que pode cumprir a intervención doutros sectores se é necesario: Departamento de Orientación, departamentos do Ámbito, familia...) e establecer unha primeira guía de actuación para redefinir e corrixir os déficits, se é o caso.

Medidas de atención á diversidade

Como somos sabedores, a propia concepción do PMAR constitúe unha medida moi especial de atención á diversidade orientada a responder ás necesidades educativas concretas de parte do noso alumnado.

Despois da avaliación inicial recompilarase a información obtida sobre cada grupo co fin de coñecer o seu funcionamento desde distintos puntos de vista:

1. Nivel de disciplina, atención etc.
2. Fortalezas que se identifican en canto ó desenvolvemento de contidos curriculares e dos aspectos competenciais.
3. Necesidades que se puidesen identificar.

E a partir da obtención desta información planificar:

1. Estratexias metodolóxicas.
2. Xestión de aula.
3. Estratexias de seguimento da eficacia de medidas.
4. As competencias prioritarias que hai que practicar no grupo.
5. Os aspectos que se deben ter en conta á hora de agrupar os alumnos e alumnas para os traballos cooperativos.
6. Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Pero a avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

1. Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe.
2. Saber as medidas organizativas a adoptar.
3. Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
4. Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.

As unidades didácticas dos libros do alumnado amosan multitude de suxestións prácticas para dar resposta a estilos cognitivos, dominio de coñecementos, capacidades e necesidades dos alumnos considerados individualmente e como grupo.

Partindo deste proxecto curricular, haberá que realizar as adaptacións necesarias para atender a diversidade do alumnado. Para iso hai que delimitar os diferentes recursos que posibilitan o tratamento da diversidade. Algúns poderían ser:

- Adaptar o material didáctico.
- Variar a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno e alumna. Propor actividades de aprendizaxe diferenciadas.
- Organizar grupos de traballo flexibles.
- Ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e a capacidade do alumnado.

O tratamento dos temas transversais

Podemos amosar a vinculación coa educación moral, cívica, para a paz e para a igualdade de oportunidades entre sexos por medio do fomento ó desenvolvemento de actitudes como:

- Valoración positiva da realidade plurilingüe e pluricultural de España.
- Sensibilidade cara á calidade dos textos propios e alleos como medio para asegurar unha comunicación fluída e clara.
- Respecto polas normas básicas da lingua.
- Valoración da lingua como produto e proceso sociocultural e como vehículo de transmisión e creación cultural.
- Valoración crítica das mensaxes que transmiten os medios de comunicación social e a publicidade, mostrando especial sensibilidade cara ó s que supoñen unha discriminación social, sexual, racial, etc.
- Valoración crítica dos prexuízos sexistas e recuperación e integración do patrimonio literario das mulleres.
- Tamén a educación para o consumo cobra importancia subliñando actuacións vinculadas a diferentes contidos.
- Utilización das novas tecnoloxías para a produción, manipulación de textos e tratamento da información.
- Interese polo uso das bibliotecas e respecto polas normas que rexen a súa utilización.
- Desenvolvemento de gustos persoais na elección das lecturas.
- Iniciativa e voluntariedade pola lectura de textos literarios de diferentes épocas e autores.
- Actitude de busca de canles comunicativas creativas e persoais.
- Sensibilidade estética ante as producións literarias propias e alleas, valorando os elementos creativos e innovadores destas.

Actividades complementarias e extraescolares

No IES San Tomé de Freixeiro sempre se valorou moi positivamente que o programa de actividades complementarias e extraescolares sexa un apoio fundamental no desenvolvemento educativo. Sempre se apoiaron desde os diferentes equipos directivos, desde o claustro... e son bastantes os departamentos que organizan desde principios de curso múltiples actividades nas que participa todo o alumnado, desde 1º de E.S.O. ata 2º de bacharelato.

O Departamento de Lingua galega e Literatura, en concreto, presume de ser un dos departamentos que máis actividades desenvolve, feito do que nos sentimos orgullosos.

No presente curso 2019-2020 o departamento aprobou en reunión celebrada a comezos de outubro a proposta de programación destas actividades, entre elas as destinadas a PMAR:

- Participación en actividades festivas de noso: magosto, samaím, entroido...
- Concurso literario para conmemorar o Día das Letras Galegas (prosa, verso, cartelería...).
- Asistencia a distintas representacións teatrais, segundo a oferta recibida e a dispoñibilidade dos cursos, grupos, etc.
- Proxección no centro ou fóra de películas relacionadas con cuestións ou obras do currículo.
- Encontros con escritores e autores de libros de lectura obrigada, aínda por confirmar: Antía Yáñez (2ª avaliación, para 1º de ESO), Leticia Costas (2º ou 3º trimestres, para ESO)...
- Celebración do día de Rosalía con recitais e dramatizacións dalgúns dos seus poemas.
- Realización dalgunha outra actividade ofertada polo Concello ou por algún outro organismo ó longo do curso escolar.
- Outras posibles actividades en colaboración co Equipo de Dinamización Lingüística e que neste momento aínda están por concretar.
- Celebración en colaboración co Equipo de Dinamización Lingüística (coordinado pola profesora Lucía Alonso) do Día das Letras Galegas.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

En cumprimento do establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, DOG do 29 de xuño e outras disposicións relacionadas, ó remate (e ademais en calquera momento do ano académico, coa periodicidade que se estime oportuno) do curso académico incluírase na reunión final de curso un punto relativo á avaliación, revisión, modificación -se é o caso- e establecemento de proposta de medidas de mellora que deberán ser recollidas na programación do curso seguinte; toda esta información é vertida na Memoria anual do curso.

Así pois, nesa reunión os membros do Departamento cubrirán o grao de consecución dos seguintes indicadores:

Indicadores

	ESCALA			
	1	2	3	4
1. Respetar a secuenciación e temporalización previstas das unidades didácticas.	X	X	X	X
2. Respetar o grao mínimo de consecución fixado para os estándares.	X	X	X	X
3. Seguir unha estratexia metodolóxica común en todo o departamento.	X	X	X	X
4. Utilizar todos os materiais didácticos previstos.	X	X	X	X
5. Utilizar o libro de texto como material didáctico fundamental.	X	X	X	X
6. Respetar o plan de avaliación inicial fixado.	X	X	X	X
7. Respetar as pautas xerais establecidas para o proceso de avaliación continua.	X	X	X	X
8. Respetar os criterios establecidos para as recuperacións.	X	X	X	X
9. Respetar os criterios establecidos para a avaliación final.	X	X	X	X
10. Respetar os criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.	X	X	X	X
11. Respetar os criterios establecidos para a avaliación das materias pendentes.	X	X	X	X
12. Establecer medidas de atención á diversidade cando eran necesarias.	X	X	X	X
13. Informar ó titor ou titora das dificultades na aprendizaxe do alumnado.	X	X	X	X
14. Adecuar os exames ós estándares establecidos.	X	X	X	X
15. Realizar as actividades complementarias previstas.	X	X	X	X
16. Informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.	X	X	X	X
17. Informar ás familias sobre os criterios de promoción.	X	X	X	X
18. Contribuír desde a materia ó plan de lectura do centro.	X	X	X	X
19. Lograr que as lecturas propostas obteñan un bo grao de aceptación.	X	X	X	X
20. Integrar as TIC no desenvolvemento da materia.	X	X	X	X
21. Realizar un seguimento continuado do desenvolvemento da programación.	X	X	X	X

CLAVES:

1: indica desenvolvemento mínimo ou inexistente.

2: indica desenvolvemento deficiente.

3: indica desenvolvemento aceptable.

4: indica desenvolvemento esperado e desexado.

Vigo, 10 de outubro de 2019

O xefe de departamento



Asdo.: Eduardo Bragado Rodríguez